

**ACTA DA SESIÓN ESPECIAL DO PLENO DO CONCELLO DO DÍA
15.06.2019.
SESIÓN CONSTITUTIVA DA NOVA CORPORACIÓN.**

No Carballiño, ás **11.04 do día 15 de xuño 2019**, en cumprimento co disposto nos artigos 195 e 196 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral e o artigo 37 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, e para os efectos de celebrar a constitución do novo Concello do Carballiño, á vista dos resultados das eleccións municipais celebradas o día 26/05/2019, para a renovación da totalidade dos membros das corporacións locais, reúnen os Sres./Sras. concelleiros/as electos/as que se enumeran a continuación:

PSOE:

- Francisco José Fumega Piñeiro.
- Jose Manuel Dacal Fernández.
- Maria Rita Soto Vázquez.
- Manuel Sotelo Vila.
- Silvia Baranda Fernández.
- Diego Fernández Nogueira.
- Guadalupe Sobrado Pérez.
- Rosa María Fuentes García.
- Rogelio Antonio Otero Fuentes.

PP:

- Ricardo José Perea Fernández.
- Celso Carballal Gómez.
- Argimiro Marnotes Fernández.
- Lidya Giselle Almonte Polanco

ESCO:

- Erika Paz Rodríguez.
- Adolfo Nogueira Campo.

BNG:

- Sofia García Hermida

Non asiste e escusa a súa ausencia o Sr concelleiro:

- Manuel Vázquez Fernández (ESCO)

A corporación está asistida pola secretaria deste concello que dá fe do acto.

FORMACIÓN DA MESA DE IDADE

Unha vez declarada aberta a sesión, a secretaria da corporación, le o artigo 195 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral e, atendendo ao disposto nestes, procédese a constituír a Mesa de Idade. Para iso, a secretaria chama a cada concelleiro/a electo/a, para os efectos de acreditar a súa personalidade.

A Mesa de Idade queda integrada por:

Celso Carballal Gómez.	concelleiro electo de maior idade
Diego Fernández Nogueira	concelleiro electo de menor idade

COMPROBACIÓNS PREVIAS á CONSTITUCIÓN DO CONCELLO

Constituída a Mesa de Idade e, unha vez que se tomaron as medidas precisas segundo dispón o artigo 36.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, dáse conta de que tanto a Secretaría como a Intervención puxeron a disposición dos/as Sres./Sras. concelleiros/as electos/as a documentación referente aos xustificantes das existencias en metálico e valores propios da corporación depositados na caixa municipal e entidades bancarias, e igualmente a documentación relativa ao inventario de bens da corporación.

Seguidamente a Mesa de Idade, comproba as credenciais e cada concelleiro/a electo/a acredita a súa personalidade.

A continuación, compróbase que todos/as os/as concelleiros/as electos/as formularon as declaracións referidas no artigo 75.7 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; o presidente da Mesa de Idade convidou aos/ás concelleiros/as electos/as a que expoñan se lles afecta algunha causa de incompatibilidade sobrevida con posterioridade á súa declaración, por parte destes/as non houbo ningunha manifestación.

Dado que se cumpre a exigencia do artigo 195.4 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral e 37.4 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, e que concorren a esta sesión a maioría absoluta de concelleiros/as electos/as, procédese ao cumprimento do requisito legal previsto no artigo 108.8 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral de prestar xuramento ou promesa.

ACTO DE XURAMENTO OU PROMESA

Tras ler, a secretaria do concello, o artigo 108.8 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, referido á toma de posesión dos/as concelleiros/as electos/as, procédese a nomear a todos/as os/as Sres./Sras. concelleiros/as electos/as, para os efectos de prestación do xuramento ou promesa.

O xuramento ou promesa realízase utilizando a fórmula prevista no Real decreto 707/1979, do 5 de abril, regulador da fórmula para toma de posesión de cargos ou funcións públicas: «Xuro (ou prometo) pola miña conciencia e honor, cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro/a deste Excmo. concello, con lealdade ao rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado».

A Sra. García utiliza a seguinte fórmula para o xuramento ou promesa: “Prometo e comprométome pola memoria de Castelao e Alexandre Bóveda a defender os intereses do Concello do Carballiño polo pobo Galego”

A continuación a secretaria da corporación nomea a cada un/unha dos/das concelleiros/as electos/as, lendo a fórmula persoalmente a cada un/unha deles/as.

En cumprimento do disposto no artigo 195 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, ás 11.20 horas, o presidente da mesa declara constituído o Concello do Carballiño tralas eleccións municipais celebradas o día 26/06/2019.

ELECCIÓN DO ALCALDE

Posteriormente, a secretaria do concello procede á lectura do artigo 196 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral e á elección do alcalde presidente da corporación.

a) Proclamación de candidatos á Alcaldía

O presidente da Mesa de Idade, pregúntalle aos/ás concelleiros/as que encabezan as listas, se manteñen a súa candidatura a alcalde ou a retiran. Cada un dos/as candidatos/as maniféstase no seguinte sentido:

Francisco José Fumega Piñeiro-PSOE	MANTÉN A CANDIDATURA
Ricardo José Perea Fernández-PP	RETIRA A CANDIDATURA
Sofía García Hermida-BNG	MANTÉN CANDIDATURA

Seguidamente procédese a proclamar candidatos/as á Alcaldía do concello.

b) Elección do sistema de votación

Trala proclamación de candidatos/as, o presidente da mesa invita aos/ás concelleiros/as electos/as a escoller o sistema de votación (artigo 101 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro) para elixir o alcalde.

Despois de elixir o sistema de votación NOMINATIVA, chámase aos Sres./Sras. concelleiros/as para que indiquen de viva voz o/a candidato/a ao que lle prestan o seu voto nesta elección ou a súa abstención, se é o caso

Rematada a votación, procédese ao escrutinio dos votos emitidos, co seguinte resultado

VOTOS EMITIDOS:	16
VOTOS VÁLIDOS:	16
VOTOS EN BRANCO:	0
VOTOS NULOS:	0

Distribúense as papeletas da seguinte maneira:

Candidato/a	Partido Político	Nº de votos
Francisco José Fumega Piñeiro	PSOE	9
Sofía García Hermida	BNG	1

En consecuencia e, á vista do resultado da votación, ao ser o número de concelleiros/as de DEZASETE e a maioría absoluta de NOVE, o presidente da Mesa de

Idade, ás 11:27 horas, proclama a alcalde presidente da corporación a José Francisco Fumega Piñeiro cabeza de lista de PSOE.

TOMA DE POSESIÓN

A continuación, de conformidade co artigo 18 do TRRL e artigo 40.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, a secretaria le a fórmula de acatamento da Constitución, segundo o seguinte literal: «Xuro (ou prometo) pola miña conciencia e honor, cumprir fielmente as obrigas do cargo de alcalde presidente deste Excmo. concello, con lealdade ao rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado».

Realizado o xuramento, o Sr. vocal da mesa, faille entrega dos atributos do seu cargo (bastón de mando e medalla) pasando a ocupar a Presidencia da sala e a seguir disólvense a Mesa de Idade.

A continuación o alcalde presidente, dirixe unhas palabras de agradecemento:

“Como non pode ser doutro xeito, quero agradecer en primeiro lugar á veciñanza do Carballiño o apoio dado a nosa candidatura para que levemos as rendas do concello. É unha enorme satisfacción e unha gran responsabilidade a tarefa encomendada. O equipo de goberno traballará intensamente para tratar de resolver as cuestións cotiás que lles preocupan os veciños e veciñas e as cuestións esenciais para asentarmos as bases do Carballiño do século XIX.

Esta última tarefa é un traballo do conxunto da corporación, independentemente de que se exerzan tarefas de goberno ou tarefas de control, e dende o primeiro momento o equipo que eu teño a honra de presidir estará aberto a traballar por calquera cuestión, proposta pola oposición, que sexa beneficiosa para as veciñas e veciños do Concello do Carballiño. Temos por diante un reto complexo, uns tempos históricos que mudan a gran velocidade e modifican modelos económicos, comerciais e vivencias tradicionais.

Este reto, adaptar os modelos tradicionais aos novos tempos, o vello comercio a era de internet, as cidades dos coches, as cidades das persoas, os novos modelos de ocio, familia e sociedade aos modelos tradicionais, implican profundos cambios nas vilas do século XIX. No século XIX, en plena revolución industrial, coas máquinas entrando nos sistemas de produción, a maior parte da sociedade non albiscaba os cambios que se estaban a producir nas relacións laborais, nos modos de vida, nas formas tradicionais de produción e comercio. Esta corporación, no seu conxunto, ten que tratar de albiscar os camiños e as actuacións que lle permitan ao noso concello pór as bases para as novas vilas e a nova sociedade carballiñesa.

Estou seguro, que o conxunto da corporación traballará por conseguir o mellor para o Carballiño, tratando entre todos de mellorar o concello e a calidade de vida dos seus veciños.

Remato xa, agradecendo o inmenso traballo feito polos meus compañeiros e compañeiras de partido e por moitas persoas anónimas que nos axudaron a ter representación nesta corporación e amosando a nosa gratitude e agradecemento a todos os veciños do

Carballiño pola súa implicación demográfica en sinalar o futuro do concello, optasen pola opción política que optasen.

Como escribiu Jesus Val y Gai na revista Arenteiro, editada pola sociedade Hijos del partido de Carballiño en Bos Aires, no ano 1931, a principios de século, "Carballiño vive bastante despreocupado de certos poderes sociales. La vida allí sabe dictarse normas a sí misma. Y la cosa viene muy de atrás, Carballiño no nació de la voluntad de un señor, sino por mandato de la vida misma. Señorío con toda su rancia prosapia, fué vendido por este otro que nació, creció y se robusteció democráticamente, por obra y gracia de la naturaleza en nupcias con el ansia progresiva de raza. Carballiño, amigos míos, es una de los mas fuertes puntales de nuestra esperanza gallega." Fagamos entre todos que continúe a ser esa esperanza neste novo século.

Viva O Carballiño. Moitas grazas".

E non habendo outros asuntos que tratar, o Sr. presidente remata a sesión, ás 11.34 horas do día ó principio indicado, do que eu, como secretario, dou fe.

<DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE>